



Recomendación ao Concello de Tui para que adopte e execute provisionalmente as medidas necesarias, para garantir a correcta evacuación das augas e a debida protección da salubridade pública

Expediente: C.8.Q/3352/20

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2020

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse esta queixa como consecuencia do escrito de D^a [REDACTED], sobre falta de resposta do Concello de Tui a unha reclamación sobre vertido de auga á vía pública por un edificio durante o estado de alarma pola COVID-19.

ANTECEDENTES

No seu escrito indicábanos, de xeito literal o seguinte:

En sede electrónica presentouse unha instancia xeral o día 22/05/2020 (registro 2020-E-RE-793) comunicando unha incidencia no concello de Tui en relación cun vertido de auga a vía pública, por parte dun edificio durante o estado de alarma por COVID-19 e dita instancia non foi contestada.

Dito vertido poderla ter consecuencias para a saúde pública.

Admitida a queixa a trámite, solicitouse informe a ese concello en data 13-07-2020 (R.S. 7897-2020)

En data 20-08-2010 (R-E- 6675/20), tivo entrada informe dese concello onde se indica o seguinte.

“En resposta ó seu escrito recibido neste Concello mediante rexistro de entrada número 2020-E-RC-4375 de data 15 de xullo de 2020, polo cal solicitan informe respecto á queixa presentada por Dona ██████████

Indicar que por parte da interesada presentouse ante este Concello un escrito en data 22 de maio de 2020, rexistro de entrada 2020-E-RE-793, no cal manifesta o seguinte:"Que na obra de acondicionamento que se está a realizar no local sito na C/██████████ se atopou un problema coas augas fecais, debido a unha rotura na baixante dos pisos superiores, conlevando un vertido directo ao local e que en algunhas ocasións, as augas fecais saíron á rúa por debaixo da porta de entrada. Non me é posible solucionar o vertido debido a que a avaria se atopa na baixante do primeiro piso, o cal está deshabitado e, nin os propietarios nin o presidente da comunidade coñecen o dono do mesmo. Ó parecer pertence a un fondo buitre, descoñecéndose quen pode ter as chaves do mesmo..."

Segundo se pode deducir do exposto pala interesada, o problema é nunha propiedade privada, polo que o Concello non ten competencia algunha, xa que a citada avaria encóntrase dentro do edificio.”

ANÁLISE

A promotora deste expediente acude a esta Valedoría o 8 de xullo do ano en curso documentando terse dirixido previamente ao Concello de Tui o 22 de maio pola problemática exposta, referindo que non obtivera resposta algunha dese concello.

Admitida a trámite, e toda vez que o artigo 20 da Lei 6/1984 da Valedora do Pobo, dispón que é competencia desta Valedoría velar porque a Administración resolva expresamente en tempo e forma, se solicitou informe ao órgano local, que foi incorporado ao expediente e reproducido na súa literalidade.

O dereito a desfrutar dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa se regula no artigo 45.1 da Constitución Española e aos municipios lles corresponde a responsabilidade de configurar a preservación da salubridade pública.

A Ley 7/1985, 2 de abril Reguladora de las Bases del Régimen Local e no novo marco definido pola Ley 27/2013, de racionalización y sostenibilidad de la administración local, no artigo 25.2 establece como competencia municipal :

- A protección da salubridade pública.

A Lei 8/2008 do 10 de xullo de Saúde de Galicia no artigo 80 establece como competencia da administración local o control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana.

A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no artigo 136 dispón que os concellos ditarán ordes de execución que obriguen ás persoas propietarias de bens inmobles a realizar

as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes de salubridade que sinala o artigo 135.

A Ley 14/1986, de 25 de abril, general de Sanidad prevé no seu artigo 42 que os concellos teñen responsabilidades no control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana.

Polo antedito, e co fin de que se garanta debidamente a correcta evacuación das augas e se protexa a salubridade pública, de acordo cos requisitos e previsións legalmente establecidos, formularase a seguinte recomendación.

CONCLUSIÓN

Por todo o indicado anteriormente, considérase necesario no exercicio da facultade atribuída a esta institución en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 da Valedora do Pobo, facerlle chegar ao Concello de Tui a seguinte RECOMENDACIÓN.

“ Que no ámbito das súas competencias, adopte e de ser o caso execute provisionalmente as medidas necesarias, de acordo cos procedementos e a tramitación legalmente establecida, para garantir a correcta evacuación das augas e a debida protección da salubridade pública.”

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número de tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Agradecéndolle a súa colaboración o saúdo atentamente

María Dolores Fernández Galiño

Valedora do Pobo